

CONTRATO PROGRAMA DA FUNDACIÓN PÚBLICA URXENCIAS SANITARIAS DE GALICIA-061 PARA A COORDINACIÓN E PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE URXENCIAS MÉDICAS 061, NO PERÍODO 2024-2025.

En Santiago de Compostela, na data sinalada na sinatura electrónica de este documento

REUNIDOS

Dunha parte,

Doña M^a Estrella Lopez-Pardo Pardo, xerente do Servizo Galego de Saúde, actuando en nome e representación deste, en uso das atribucións delegadas, de conformidade co establecido no artigo 4, punto j) da Orde do 22 de abril de 2020, sobre delegacións de competencias en órganos centrais e periféricos da Consellería de Sanidade, e do Servizo Galego de Saúde e na Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde.

Doutra parte,

Doña Adriana Regueira Pan, con NIF 34887867-H en calidade de directora da Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061 (en adiante FPUSG-061), en virtude das facultades conferidas nos seus estatutos, aprobados e recollidos no Anexo do Decreto 276/2001, de 27 de setembro, de adaptación das Fundacións sanitarias á disposición adicional sétima da Lei 5/2000, de 28 de decembro, de medidas fiscais e de réxime orzamentario e administrativo e, segundo o apartado 2º da aprobación da modificación de poderes da Dirección da FPUSG-061 por parte do Padroado en sesión do 4 de marzo de 2020, elevado a público ante o notario D. José Manuel Amigo Vázquez en escritura de 30 de xuño de 2020.

Ambas partes recoñécense capacidade legal suficiente para formalizar o contrato programa da Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061, No período 2024-2025, unha vez autorizado polo Consello da Xunta.

CLÁUSULAS

I. INTRODUCCIÓN

O Decreto 172/1995, do 18 de maio, regula o plan de urxencias extrahospitalarias de Galicia baixo as directrices de mellora e modernización da atención sanitaria, e para garantir e facilitar o seu desenvolvemento, creouse mediante a Orde do 9 de outubro de 1995, a Central de Coordinación de Urxencias Médicas.

O Decreto 179/1999, do 27 de maio, autorizou á constitución da Fundación Pública de Urxencias Sanitarias de Galicia 061 (no sucesivo FPUSG-061), establecendo os seus estatutos e asignándolle a xestión da Central de Coordinación de Urxencias Médicas. Pola súa banda a Lei 5/2000, do 28 de decembro, de medidas fiscais e réxime orzamentario e administrativo, establece na súa disposición adicional sétima, a transformación das fundacións sanitarias constituídas pola Comunidade Autónoma en fundacións de titularidade de natureza pública. Dita natureza e titularidade estableceuse mediante o disposto no decreto 276/2001, de 27 de setembro.

O Decreto 276/2001 establece, así mesmo, que o Servizo Galego de Saúde determinará para cada fundación os criterios de planificación aos que se suxeitará a súa actividade e concretará as prestacións sanitarias que deban realizarse, e no seu artigo 24 sinala que o Servizo Galego de Saúde subscribirá contratos programas coas Fundacións Públicas Sanitarias, co gallo de vincular o financiamento das Fundacións cos criterios de planificación do SERGAS e as necesidades dos usuarios.

Con data 29 de decembro de 2006 asinase o primeiro Contrato Programa entre o SERGAS e a FPUSG-061. Rematado o ámbito temporal dese contrato programa, o 1 de xaneiro de 2014 asinase o segundo contrato programa 2014-2015, que foi obxecto de sucesivas prórrogas a última de data 27 de decembro de 2019 ata o 31 de decembro de 2020. Con data 15 de abril de 2021 apróbbase polo Consello da Xunta de Galicia o contrato programa para o período 2021-2022, que foi obxecto de prórroga para o ano 2023 segundo acordo do Consello da Xunta de Galicia de data 22 de decembro de 2022.

Polo tanto, estando próxima a rematar a prórroga do Contrato Programa, resulta necesario elaborar un novo documento que abrangue o período 2024-2025.

II.- OBXECTO DO CONTRATO PROGRAMA

O obxecto do presente contrato programa é establecer o marco de relacións entre a FPUSG-061 e a Administración da Comunidade Autónoma e, polo tanto, determinar os compromisos de cada parte para a consecución da misión da FPUSG-061 como entidade encargada de ofrecer atención as demandas de asistencia sanitaria para calquera persoa que se atope na Comunidade Autónoma de Galicia en situación de urxencia ou emerxencia sanitaria no medio extrahospitalario.

Os servizos prestaranse aos pacientes beneficiarios da Seguridade Social no territorio da Comunidade Autónoma Galega.



III.-VIXENCIA DO CONTRATO PROGRAMA

A vixencia deste contrato programa comezará desde o 1 de xaneiro de 2024, agás no caso de que nesa data non estea aprobado polo Consello da Xunta de Galicia, polo que neste caso comezará a súa vixencia o día seguinte da súa aprobación, e estenderase ata o 31 de decembro de 2025.

Transcorrido o prazo da vixencia, este poderase prorrogar, por períodos anuais, por acordo expreso entre as partes, trala existencia de consignación orzamentaria axeitada e suficiente, por un prazo máximo de dous anos máis. No acordo de prórroga fixarase o importe máximo de cada anualidade. O Consello da Xunta de Galicia é o órgano competente para a autorización da prórroga do Contrato Programa.

IV. OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS, LIÑAS DE ACTUACIÓN, OBXECTIVOS OPERATIVOS E PROXECTOS

a) Misión e visión da Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061

Continuando co proceso de mellora continua e procura da excelencia, a Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061 desenvolveu o seu Plan Estratéxico 2024-2028, aprobado polo Padroado da Fundación en sesión de 5 de xuño de 2023, de forma que a misión, visión e valores serán despregados a través dos eixos do plan estratéxico e aliñados coas liñas sanitarias do Plan Estratéxico da Xunta de Galicia 2022-2030. O plan estratéxico guiará o rumbo da FPUSG-061, quedando reflectido nel a:

Misión:

Atención das demandas de asistencia sanitaria para calquera persoa que se atope na Comunidade Autónoma de Galicia en situación de urxencia ou emerxencia sanitaria no medio extrahospitalario.

Visión:

Que a FPUSG-061 sexa o referente na atención á urxencia e emerxencia sanitaria de forma integral e centrada no paciente, adaptándose de xeito continuo ás necesidades e retos da contorna.



b) Obxectivos estratéxicos e operativos

A estratexia para o horizonte temporal que abrangue o Contrato Programa recóllese no Plan estratéxico 2024-2028. A FPUSG-061, partindo da súa misión, baseándose na análise e diagnóstico estratéxico e co fin de alcanzar a súa visión, estableceu os obxectivos estratéxicos, é dicir, as grandes áreas ou liñas nas que se vai a centrar a estratexia, establecendo o rumbo de actuación da organización nos próximos anos e os obxectivos operativos, ligados á visión, que permitirán concretar a acción.

Con estas premisas formuláronse os seguintes obxectivos estratéxicos:

- A. Desenvolvemento de alianzas.
- B. Excelencia na xestión.
- C. Orientación ao paciente.
- D. Posicionamento e visibilidade.
- E. Talento, organización e cultura.

Sendo os obxectivos operativos definidos para cada un dos obxectivos estratéxicos os seguintes:

A. Desenvolvemento de alianzas.

- **AA.** Identificar necesidades e oportunidades de colaboración cos distintos grupos de interese.
- **AB.** Desenvolver programas e proxectos conxuntos.

B. Excelencia na xestión.

- **BA.** Automatizar e dixitalizar procesos
- **BB.** Diseñar procesos e procedementos
- **BC.** Mellorar a xestión ambiental
- **BD.** Mellorar a xestión de provedores críticos
- **BE.** Xestionar eficientemente os recursos
- **BF.** Impulsar a transferencia interna de coñecemento



C. Orientación ao paciente.

- **CA.** Diversificar servizos
- **CB.** Impulsar a excelencia asistencial
- **CC.** Impulsar a transformación dixital do servizo

D. Posicionamento e visibilidade.

- **DA.** Impulsar a comunicación externa

E. Talento, organización e cultura.

- **EA.** Promover a atracción e retención do talento.
- **EB.** Mellorar a formación e o desenvolvemento.
- **EC.** Desenvolver un estilo de liderado e toma de decisións participativa
- **ED.** Redimensionar a estrutura
- **EE.** Reorganizar o traballo

Por outra banda, segundo o sinalado no Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030 seranlle de aplicación a este contrato os seguintes obxectivos:

OBXECTIVO ESTRATÉXICO / INTERMEDIO	DESCRIPCIÓN OBXECTIVO ESTRATÉXICO/INTERMEDIO
OE.1.4.1	Promover a atención sanitaria integral adaptada ás distintas necesidades da poboación, aproveitar as tecnoloxías para impulsar a atención a domicilio e a teleasistencia que permitan prestar un mellor servizo asistencial a unha poboación moi avellentada e espallada no territorio.

OBX OPERATIVO	DESCRIPCIÓN OBX OPERATIVO
0001	Medidas eficientes de xestión dos recursos asistenciais e da atención urxente para dar resposta ás necesidades da cidadanía en tempo e forma.
0002	Mellorar a fiabilidade dos servizos que se prestan, reducir a variabilidade e mellorar a súa coordinación, con intervencións que incrementen a calidade asistencial e a seguridade do paciente.
0003	Garantir prestación servizos no lugar e momento adecuados, cos niveis de calidade e seguridade comprometidos.



Este contrato programa alíñase de forma xeral cos obxectivos estratéxicos da FPUSG-061 xa que, aínda que non se formulen obxectivos operativos para todas os obxectivos estratéxicos anteriormente numerados, están presente de forma transversal neste contrato programa, debido a que obxectivos estratéxicos como; excelencia na xestión, posicionamento e visibilidade e desenvolvemento de alianzas serán necesarios para orientarse ao paciente e promover o talento a organización e a cultura

En base a estas premisas defínense os seguintes obxectivos estratéxicos e operativos:

1. OBXECTIVO ESTRATÉXICO A: DESENVOLVEMENTO DE ALIANZAS.

Para acadar os obxectivos estratéxicos e necesario establecer alianzas, establecendo cos grupos de interese unhas relacións mutuamente beneficiosas baseadas na confianza e coa finalidade de compartir o coñecemento.

Obxectivo operativo AB. Desenvolver programas e proxectos conxuntos

O obxectivo tenta fundamentalmente xerar e apoiar unha filosofía innovadora e creativa mediante a xénese de alianzas.

Este obxectivo está aliñado co obxectivo operativo 003 do Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030: *"Garantir prestación servizos no lugar e momento adecuados, cos niveis de calidade e seguridade comprometidos"* A prestación de servizos de calidade supón participar en programas e proxectos innovadores que melloren tamén a seguridade do paciente.

- **Indicador AB.1: Número de proxectos nos que participa o persoal da FPUSG-061.**

Descrición: Nº de proxectos ou programas activos ou de nova creación cos grupos de interese da organización nos que participa persoal da FPUSG-061.

Modo de obtención: informe mensual de programas e proxectos activos aportados por cada dirección. Entendendo como grupo de interese (GI) os recollidos no Plan estratéxico da Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061: SERGAS, traballadores da FPUSG-061, cidadáns, centros de atención hospitalaria pública e privada, centros de atención primaria, outros grupos de interese da cadea de intervención, AXEGA, compañías aseguradoras e mutuas, provedores críticos,



traballadores das empresas de servizos críticos (transporte e operación telefónica).

Fórmula:

Nº de programas e proxectos activos con GI no ano en curso nos que participa persoal da FPUSG-061 no mes avaliado

Obxectivo mensual: ≥ 5

Valor anual conseguido no período 2021-2022

- **2021:** 5 programas e proxectos activos nos que participa persoal da FPUSG-061.
- **2022:** 6 programas e proxectos activos nos que participa persoal da FPUSG-061.

2. OBXECTIVO ESTRATÉGICO B: EXCELENCIA NA XESTIÓN

Unha organización que busca a excelencia na xestión necesita executar a estratexia de maneira eficaz e eficiente, buscando a sustentabilidade, asegurándose os niveis de rendemento necesarios para alcanzar o éxito e impulsando a mellora.

Este obxectivo estratéxico formula unha asistencia sanitaria urxente centrada no paciente, tratando de acadar uns resultados eficientes e eficaces e de xeito sostible. Para conseguir isto, desenvólvense os seguintes obxectivos operativos:

Obxectivo operativo BE: Xestionar eficientemente os recursos

Este obxectivo operativo está enfocado en conseguir, que nas situacións nas que un cidadán requira asistencia sanitaria presencial, transporte sanitario ou ambas as cousas, se faga no menor tempo posible e cunha adecuada xestión dos recursos dispoñibles.

Todos os indicadores relacionados con tempos de actividade calcúlanse por proceso asistencial. Proceso asistencial (PA) é un conxunto de medidas levadas a cabo para atender unha demanda asistencial. O PA está reflectido no programa informático ACORDE, aplicación utilizada para a coordinación das demandas de emerxencias. Polo que todos os datos son extraídos do programa ACORDE que está instalado nos postos da Central de Coordinación do 061 de Galicia (CCUSG-061). Dita aplicación é





de deseño e desenvolvemento propio e permite a xestión a nivel informático de toda a actividade xerada na CCUSG-061 dende a entrada da chamada ata a finalización do proceso asistencial.

En cada PA pódense atender un ou varios pacientes, e poden ser resoltos con mobilización de un ou varios recursos, ou sen mobilización de recursos.

Este obxectivo está aliñado co obxectivo operativo 001 do Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030: "*Medidas eficientes de xestión dos recursos asistenciais e da atención urxente para dar resposta ás necesidades da cidadanía en tempo e forma*".

Indicador BE.1.: porcentaxe de PA clasificados como emerxencias nos que o tempo de resposta do sistema pola RTSUG-061 terrestre é \leq a 25 minutos.

Descrición: mide a porcentaxe de procesos asistenciais clasificados como emerxencia nos que o tempo que transcorre desde a hora de entrada da chamada ata a hora de asistencia do primeiro recurso que chega ao punto (tempo de resposta do sistema), é igual ou inferior a 25 minutos.

Modo de obtención: no programa ACORDE considéranse aqueles PA nos que a primeira chamada xera unha emerxencia e supón a mobilización dunha ambulancia pertencente a RTSUG-061 terrestre. Considérase a menor hora de asistencia que teña o recurso e calcúlase o tempo respecto á hora de alerta inicial. A porcentaxe calcúlase sobre o total de PA deste tipo que teñan ambas horas rexistradas.

Fórmula:

$$\left(\frac{\text{N}^\circ \text{ de procesos asistenciais con mobilización de RTSUG-061 terrestre clasificados como emerxencias con h asistencia- h alerta } \leq 25 \text{ minutos}}{\text{N}^\circ \text{ total de procesos con mobilización de RTSUG-061 terrestre clasificados como emerxencias}} \right) * 100$$

Obxectivo mensual: $\geq 75 \%$

Valor anual conseguido no período 2021-2022

- **2021: 78,21%**
- **2022: 78,27%**

Indicador BE.2.: tempo medio de mobilización dos recursos ambulancias asistenciais de soporte vital básico (AA-SVB) en emerxencias.



Descrición: mide o tempo que transcorre dende que o recurso asistencial AA-SVB recibe a orde de mobilización (hora de activación) dende a CCUSG-061 ata que inicia efectivamente o desprazamento (hora de mobilización) cara o punto do incidente.

Modo de obtención: marcas horarias rexistradas no programa ACORDE expresadas en minutos e segundos.

Fórmula:

$$\frac{\sum (\text{H. mobilización} - \text{H. activación}) \text{ emerxencias (AA-SVB)}}{\text{Número total de mobilizacións emerxencias (AA-SVB)}}$$

Valor anual conseguido no período 2021-2022

- **2021: 00:01:59**
- **2022: 00:01:52**

Obxectivo mensual: **≤ 2 minutos 30 segundos**

Este obxectivo está aliñado co establecido no prego de prescricións técnicas regulador da prestación do servizo de transporte sanitario urxente terrestre (expediente AB-FUS1-19-001 e 006).

Indicador BE.3.: tempo medio de mobilización dos recursos ambulancias asistenciais de soporte vital avanzado (AA-SVA) en emerxencias

Descrición: mide o tempo que transcorre dende que o recurso asistencial AA-SVA recibe a orde de mobilización (hora de activación) dende a CCUSG-061 ata que inicia efectivamente o desprazamento (hora de mobilización) cara o punto do incidente.

Modo de obtención: marcas horarias rexistradas no programa ACORDE expresadas en minutos e segundos.

Fórmula:

$$\frac{\sum (\text{H. mobilización} - \text{H. activación}) \text{ emerxencias (AA-SVA)}}{\text{Número total de mobilizacións emerxencias (AA-SVA)}}$$





Valor anual conseguido no período 2021-2022

- **2021: 00:02:18**
- **2022: 00:02:05**

Obxectivo mensual: ≤ 2 minutos 30 segundos

Este obxectivo é o mesmo que o reflectido nos indicadores do prego de prescricións técnicas regulador da prestación do servizo de transporte sanitario urxente terrestre (expediente AB-FUS1-19-001 e 006).

Indicador BE.4.: tempo medio de mobilización dos helicópteros en emerxencias.

Descrición: mide o tempo que transcorre dende que o recurso asistencial recibe a orde de mobilización (hora de activación) dende a CCUSG-061, ata o momento no que a radio está operativa tras o arranque do helicóptero (hora de mobilización).

Modo de obtención: rexistros horarios extraídos do programa ACORDE expresado en minutos e segundos.

Fórmula:

$$\frac{\sum (\text{h. mobilización} - \text{h. activación}) \text{ emerxencias helicóptero}}{\text{Número total de mobilizacións emerxencias helicóptero}}$$

Valor anual conseguido no período 2021-2022

- **2021: 00:05:21**
- **2022: 00:05:04**

Obxectivo mensual: ≤ 6 minutos y 30 segundos

Este obxectivo é o mesmo co reflectido nos indicadores do prego de prescricións técnicas regulador da prestación do servizo de transporte sanitario urxente aéreo (expediente AB-FUS1-23-009).

Indicador BE.5.: Axuste dos gastos ao financiamento: Financiamento - Gastos

Descrición: o obxectivo a acadar é que os gastos da actividade estean financiados pola subvención do contrato programa e a facturación de servizos aos obrigados ao pago. Mídese o excedente da actividade que se obtén da conta de resultados, posto



que a Fundación traballa con contabilidade financeira, e sendo este estado das contas anuais, o que da unha imaxe fiel da situación da entidade.

Modo de obtención: obtense da información remitida no mes anterior do correspondente da certificación que se está a realizar, á Subdirección Xeral de Contabilidade da Consellería de Facenda e Administración Pública, na pestana G2 do informe de execución orzamentaria mensual, e dentro desta na fila A.3 excedente antes de impostos.

Fórmula:

$$\sum \text{Ingresos acumulados do período} - \sum \text{gastos acumulados do período}$$

Obxectivo mensual: **Financiamento - Gastos \geq 0**

Valor anual conseguido no período 2021-2022

- **2021: -77.442,57**
- **2022: 1.081.972,59**

Indicador BE.6: Número de mobilizacións dos recursos da RTSUG-061 terrestre.

Descrición: mide o número de mobilizacións dos vehículos terrestres da RTSUG-061 ao longo dun ano e axustada aos recursos cos que conta a FPUSG-061 para a prestación do servizo (Punto XI deste documento).

Fórmula: non precisa

Modo de obtención: rexistros extraídos do programa ACORDE

Valor anual conseguido no período 2021-2022

- **2021: 290.257**
- **2022: 326.979**

Obxectivo mensual: **\geq 25.000 mobilizacións**

No caso de que nun mes non se alcance o obxectivo, poderá compensarse co exceso habido no resto dos meses do ano, debendo ser en todo caso igual ou superior en valor anual a 300.000 mobilizacións.



3. OBXECTIVO ESTRATÉXICO C : ORIENTACIÓN AO PACIENTE

A atención sanitaria urxente ao cidadán en Galicia, alí onde se encontre, no menor tempo posible e cos medios máis adecuados é uns dos obxectivos do plan estratéxico da FPUSG-061. Para conseguir isto, desenvólvense os seguintes obxectivos operativos:

Obxectivo operativo CB: Impulsar a excelencia asistencial

Este obxectivo operativo formula unha asistencia sanitaria urxente centrada no paciente, facilitando a súa accesibilidade ao sistema sanitario. e aportando unha asistencia eficiente fundamentalmente nos procesos tempodependentes.

Este obxectivo está aliñado co obxectivo operativo 002 do Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030: *"Mellorar a fiabilidade dos servizos que se prestan, reducir a variabilidade e mellorar a súa coordinación, con intervencións que incrementen a calidade asistencial e a seguridade do paciente"*

Indicador CB.1: porcentaxe de chamadas perdidas por liña 061

Descrición: mide o número de chamadas por liña 061 que non chegan a ser, inicialmente, atendidas por un operador con relación ao total de chamadas recibidas nun período de tempo determinado. Chamadas perdidas, son aquelas colgadas polo alertante antes de seren atendidas por un teleoperador. Chamada perdida é sinónimo de abandonada.

Modo de obtención: aplicación telefónica da CCUSG-061

Observación: todas as chamadas perdidas son obxecto de rechamada polo persoal operador da CCUSG-061, procedendo neste caso a devolución ao alertante da chamada se inicialmente non pode establecer comunicación con el.

Fórmula:

$$\frac{(\text{N}^\circ \text{ de chamadas perdidas})}{\text{N}^\circ \text{ total de chamadas rexistradas na CCUSG-061}} * 100$$

Valor anual conseguido no período 2021-2022:

- **2021: 1,26%**
- **2022: 1,90%**





Obxectivo mensual: $\leq 2,5 \%$

Este obxectivo é o mesmo que o reflectido nos indicadores do Prego de Prescricións Técnicas do servizo de operación telefónica (expediente AB-FUS1-22-003), e aplicable á empresa adxudicataria segundo o contrato asinado, o cal ten como vixencia ata o 31 de maio de 2026, polo que resulta aplicable a este contrato programa.

Indicador CB.2: porcentaxe de chamadas atendidas por liña 061 nun tempo de espera máximo de 10 segundos.

Descrición: porcentaxe de chamadas por liña 061 con resposta do persoal que xestiona as chamadas nun tempo inferior ou igual a 10 segundos sobre o total das chamadas xestionadas.

Modo de obtención: aplicación telefónica da CCUSG-061

Fórmula:

$$\left(\frac{\text{N}^\circ \text{ de chamadas xestionadas nun tempo de espera máximo de 10 s.}}{\text{N}^\circ \text{ total de chamadas rexistradas na CCUSG-061}} \right) * 100$$

Valor anual conseguido no período 2021-2022:

- **2021: 89,24%**
- **2022:90,63%**

Obxectivo mensual: $\geq 85 \%$.

Este obxectivo é o mesmo que o reflectido nos indicadores do Prego de Prescricións Técnicas do servizo de operación telefónica (expediente AB FUS1 22-003), e aplicable á empresa adxudicataria segundo o contrato asinado, o cal ten vixencia ata o 31 de maio de 2026, polo que resulta aplicable a este contrato programa.

Indicador CB.-3: tempo de espera para a consulta sanitaria de prioridade 1

Descrición: mide o tempo que transcorre dende que o teleoperador descolga a chamada e completa o rexistro que acompaña á chamada do paciente, clasificada como consulta sanitaria de prioridade 1, ata que a mesma é atendida polo persoal sanitario da CCUSG-061





Modo de obtención: aplicación telefónica da CCUSG-061 e ACORDE.

Fórmula:

$$\frac{\sum (\text{h. atención do sanitario -h. de alerta}) \text{ nos procesos de consulta sanitaria clasificados como de prioridade 1}}{\text{N}^\circ \text{ total de PA clasificados como consulta P1}}$$

Valor anual conseguido no período 2021-2022:

- **2021: 2 minutos e 22 segundos**
- **2022: 2 minutos e 21 segundos**

Obxectivo mensual: **2 minutos e 45 segundos**

Indicador CB.4: : número de atencións con tempo de decisión de reperfusión no SCACEST \leq a 30 minutos (%)

Descrición: mide o tempo que transcorre dende a realización do electrocardiograma (hora de realización de EKG) diagnóstico de Síndrome coronario agudo con elevación de ST (SCACEST), nos recursos asistenciais de SVAM (Soporte Vital Avanzado Medicalizado), ata que se fai a elección da estratexia terapéutica axeitada (hora de contacto co hemodinamista). Exclúiranse da medición aqueles pacientes no que o diagnóstico inicial é parada cardiorespiratoria (PCR).

Modo de obtención: datos obtidos do programa ACORDE.

Fórmula:

$$\frac{\text{N}^\circ \text{ Pacientes asistidos recursos medicalizados por SCACEST con tempo de decisión de reperfusión } \leq 30 \text{ m.}}{\text{N}^\circ \text{ total de pacientes asistidos por SCACEST}} * 100$$

Valor anual conseguido no período 2021-2022:

- **2021: 96,80%**
- **2022: 96,15%**

Obxectivo mensual: **≥ 91 %**





Indicador CB.5: : porcentaxe de pacientes que sufriron unha PCR con recuperación de circulación espontánea tras manobras de RCP nos recursos asistenciais da Rede de Transporte Sanitario Urxente (RTSUG-061)

Descrición: nº de pacientes que sufriron unha parada cardio-respiratoria (PCR) nos que un recurso asistencial da RTSUG-061 fixo manobras de reanimación cardio-pulmonar e o paciente presenta recuperación de circulación espontánea á chegada ao hospital.

Modo de obtención: rexistro folla asistencial informatizada (HAI) e SIGUR

Fórmula:

$$\left(\frac{\text{N}^\circ \text{ Pacientes asistidos recursos da RTSUG-061 por PCR con recuperación de circulación espontánea}}{\text{N}^\circ \text{ total de pacientes asistidos por PCR}} \right) * 100$$

Valor anual conseguido no período 2021-2022:

2021: 23,81%

2022: 22,69%

Obxectivo mensual: ≥ 15 %

4. OBXECTIVO ESTRATÉXICO D: POSICIONAMENTO E VISIBILIDADE.

A creatividade, a capacidade de adaptarse aos cambios son fundamentais á hora de lograr un bo posicionamento da FPUSG-061 como organización que lidera a atención ás urxencias extrahospitalarias en Galicia. Posicionarnos de maneira exitosa ante a cidadanía galega non é algo sinxelo. Require, entre outros aspectos, desenvolver diferentes accións de comunicación.

Obxectivo operativo DA Impulsar a comunicación externa

Este obxectivo tenta mellorar a capacidade da organización de mostrar o traballo que realiza e a calidade dos servizos na súa contorna externa

Este obxectivo está aliñado co obxectivo operativo 001 do Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030: "*Medidas eficientes de xestión dos recursos asistenciais e da atención urxente para dar resposta ás necesidades da cidadanía en tempo e forma*". Informando a cidadanía sobre os servizos e actividades que realiza a FPUSG-061.

1. Indicador DA.1: N° de contidos novos publicados na páxina web.





Descrición: Promedio mensual de contidos novos (publicacións) subidos á páxina Web do 061 de Galicia desde o comenzo do ano ata ao mes a avaliar.

Modo de obtención: rexistro mensual de novos contidos publicados na páxina web da FPUSG-061

Fórmula:

$$\frac{\sum \text{de contidos novos subidos á páxina Web do 061 no período avaliado}}{\text{nº de meses ata a data de avaliación}}$$

Valor anual conseguido no período 2021-2022:

2021: 27

2022: 26

Obxectivo mensual: **>2 contidos**

5. OBXECTIVO ESTRATÉXICO E: TALENTO, ORGANIZACIÓN E CULTURA.

O talento humano e a cultura organizacional son elementos clave do éxito dunha organización. Actualmente as empresas enfróntanse a unha contorna cambiante con usuarios cada vez mais formados e demandantes o que obriga a elaborar estratexias dinámicas e flexibles que implican profesionais mais autónomos e autoxestionados en moitas funcións.

Obxectivo operativo EC. Desenvolver un estilo de liderado e toma de decisións participativa

A contorna cambiante fai necesario que as persoas complementen e fortalezan a formación como base profesional, permitíndolles desenvolver competencias dende un punto de vista integral e práctico.

Indicador EC.1: Nº de sesións clínicas realizadas na área asistencial e de coordinación.

Descrición: promedio mensual de sesións realizadas na área de coordinación e nas bases asistenciais desde o comenzo do ano ata ao mes a avaliar.

Modo de obtención: informe mensual das direccións asistencial e de coordinación.





Fórmula:

\sum de sesións clínicas realizadas na área asistencial e de coordinación ata o mes avaliado/n^o meses ata a data de avaliación.

Valor anual conseguido no período 2021-2022:

Indicador de nova medición, non hai históricos

Obxectivo mensual : **≥ 3 de promedio mensual**

V. MARCO ECONÓMICO FINANCEIRO

V.1 FINANCIAMENTO

A FPUSG-061 financiarase a través dos seus recursos propios e das transferencias e subvencións que poida recibir das Administracións Públicas.

Os recursos propios da Fundación poden clasificarse en:

- Prezos públicos pola prestación de servizos cando existan terceiros obrigados ao pagamento, conforme o disposto no anexo IX do Real Decreto 1030/2006, do 20 de xaneiro, sobre ordenación das prestacións sanitarias no Servizo Nacional de Saúde e o disposto no Decreto 56/2014, de 30 de abril, polo que se establecen as tarifas dos servizos sanitarios prestados nos Centros Dependentes do Servizo Galego de Saúde e nas Fundacións Públicas Sanitarias.
- Facturación derivada do Convenio de Colaboración para a atención de lesionados en accidente de tráfico mediante servizos de emerxencias sanitarias para os exercicios 2024-2027, no eido da Sanidade Pública, entre o Consorcio de Compensación de Seguros, e a Unión Española de Entidades Aseguradoras e Reaseguradoras.
- Prezos privados derivados da prestación de servizos de formación.

As achegas do Servizo Galego de Saúde que se poderán recoñecer a favor da FPUSG-061 como consecuencia da execución deste contrato programa son as que se indican a continuación en importe máximo anual, segundo os documentos RC que constan no expediente:

Transferencia da Comunidade Autónoma	2024	2025
Explotación – Aplicación Orzamentaria: 5001/412A/44312	78.818.275,00	81.759.350,00
TOTAL	78.818.275,00	81.759.350,00



O libramento da transferencia de financiamento realizarase conforme ao seguinte criterio:

1.- PARTE FIXA.- O 95% do importe anual librarase por períodos mensuais, previa certificación emitida pola Dirección de Xestión e Servizos Xerais relativa aos indicadores dos obxectivos estratéxicos B e C. A devandita certificación deberá ser remitida á **Subdirección Xeral de Xestión Asistencial e Innovación**, nos cinco primeiros días do mes seguinte ao que corresponden dos datos. O importe segundo a anualidade é:

2024: 6.239.780,10 €/mes

2025: 6.472.615,21 /mes

2.- PARTE VARIABLE.- O 5 % do importe anual librarase mensualmente, previa certificación emitida pola Dirección de Xestión e Servizos Xerais relativa aos indicadores dos obxectivos estratéxicos A, D e E, sendo o peso de cada indicador dun 1/3 do 5%. A devandita certificación deberá ser remitida á **Subdirección Xeral de Xestión Asistencial e Innovación e a Dirección Xeral de Recursos Económicos** nos cinco primeiros días do mes ao que corresponden dos datos. O importe segundo a anualidade é:

2024: 328.409,47 €/mes

2025: 340.663,96 €/mes

V.2 PAIF: PROGRAMA DE ACTUACIÓN, INVESTIMENTO E FINANCIAMENTO DA FPUSG-061 no período 2024-2025:

GASTOS CORRENTES	2024	2025
APROVISIONAMENTOS	60.671.644	63.933.786
<i>Transporte sanitario urgente terrestre</i>	<i>52.907.851</i>	<i>56.185.133</i>
<i>Transporte sanitario urgente aéreo</i>	<i>4.329.781</i>	<i>4.323.357</i>
<i>Servizo de operación telefónica (contact center)</i>	<i>3.428.291</i>	<i>3.419.575</i>
<i>Outros aprovisionamentos</i>	<i>5.721</i>	<i>5.721</i>
PERSOAL	24.013.471	24.013.471
SERVIZOS EXTERIORES	1.257.533	1.257.533
TRIBUTOS	2.000	2.000
AMORTIZACIÓNS	231.252	231.252



PERDAS, E VARIACIÓNS DE PROVISIÓNS POR OPERACIÓNS COMERCIAIS	-182.133	0
TOTAL GASTOS CORRENTES	85.993.767	89.438.042

INGRESOS CORRENTES	2024	2025
TRANSFERENCIAS SERGAS	78.818.275	81.759.350
<i>Subvención explotación</i>	<i>78.818.275</i>	<i>81.759.350</i>
INGRESOS ACTIVIDADE PROPIA	7.287.580	7.587.846
SUBVENCIONES, DOAZONS E LEGADOS DE CAPITAL TRASPASADOS AO EJERCICIO	48.710	48.709
EXCESOS DE PROVISIÓNS	6.473	0
INGRESOS FINANCIEROS	42.137	42.137
TOTAL INGRESOS CORRENTES	86.203.175	89.438.042

Estas dotacións quedan supeditadas ao que se estableza nas leis de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para cada unha das anualidades, polo que se consideran indicativas en particular na relativa ao ano 2025.

V.3. COMPENSACIÓN PROGRAMA ESPECIAL

A necesidade persistente debido á indispoñibilidade de médicos/as de familia e de médicos/as de urxencias nas listas de contratación temporal para a cobertura das ausencias imprevistas de profesionais das áreas sanitarias que realizan actividade nas urxencias hospitalarias e nos puntos de atención continuada, así como a imposibilidade de realizar esta actividade por profesionais da propia Área Sanitaria, motivaron a aprobación de distintos programas especiais que, de maneira excepcional, permiten ao persoal facultativo da Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia-061 realizar gardas médicas nas distintas Área Sanitarias que así o solicitan.

Do mesmo xeito, a permanente falla de persoal dispoñible nas listas de contratación temporal vixentes das categorías de Médico Coordinador-061 e Médico Asistencial-061 que ocasiona serios trastornos para a cobertura de todas as quendas de traballo nas Bases Asistenciais e na CCUSG-061 motivou a aprobación do Programa Especial para a cobertura de ausencias de persoal facultativo na Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia 061 en colaboración con centros dependentes do Servizo Galego de Saúde.

No suposto que, ao abeiro dos Programas Especiais de Cobertura de ausencias dos Servizos de Atención Primaria e de Urgencias Hospitalarias, aprobados polas diferentes áreas sanitarias, o importe pagado pola FPUSG-061 aos profesionais da



Fundación que prestan servizos en outras áreas sexa superior ao importe pagado polas devanditas áreas sanitarias aos seus traballadores cando prestan servizo nalguna das Bases medicalizadas do 061, ou na CCUSG-061, deberá compensarse á FPUSG-061 polo importe asumido en exceso pola mesma.

Esta compensación ven así a cubrir una esixencia reflectida na auditoría de control financeiro do exercicio 2018 na que recomendábase á FPUSG-061 recadar tódolos ingresos previstos no Contrato-Programa incluíndo os derivados das colaboracións complementarias para o desenvolvemento de programas concretos, entre a Fundación e o SERGAS como poden ser os dos programas especiais que son utilizados para a cobertura de ausencias de persoal médico.

Este importe será abonado semestralmente á FPUSG-061, unha vez que, por parte da Dirección sexa remitida á Dirección Xeral de Recursos Económicos do SERGAS, a correspondente liquidación ao seu favor, no caso de producirse. Esta compensación será financiada con recursos propios do Servicio Galego de Saúde e, en ningún caso, suporá aumento da subvención prevista no contrato programa e no PAIF.

Aos efectos da estimación do importe a aboar a favor da FPUSG-061, o xerado nos últimos exercicios é o seguinte:

ANO	IMPORTE PAGADO POLA FPUSG 061	IMPORTE PAGADO POR OUTROS CENTROS	DIFERENCIA
2018	34.453,42	0,00	-34.453,42
2019	53.664,48	3.680,64	-49.983,84
2020	52.747,09	6.397,58	-46.349,51
2021	56.735,24	13.807,50	-42.927,74
2022	42.836,42	14.489,45	-28.346,97
Xaneiro a setembro 2023	58.556,75	4.687,20	-53.869,55

V.4. MECANISMO DE RETORNO EN CASO DE RESULTADOS POSITIVOS

A FPUSG-061 contabilizará os beneficios a data do peche do exercicio, e dado que é unha entidade sen fins de lucro, os excedentes positivos obtidos pola mesma, en ningún caso poden ser obxecto de reparto. A Dirección da Fundación propondrá ao Padroado no ano seguinte a aquel no que se obteña resultado positivo, e no momento de aprobación das Contas Anuais, que dito excedente sexa distribuído conforme os Estatutos e a normativa (incrementar o saldo de reservas voluntarias).



V. 5. COBERTURA DE HIPOTÉTICOS DÉFICITS

Deberá elevarse ao Padroado da Fundación un informe explicativo das causas das desviacións na estimación de ingresos, das previsións de que dito déficit poida repetirse nos exercicios seguintes e do impacto que puidesen ter na consecución dos obxectivos programados, así como, no seu caso, as necesarias modificacións que como consecuencia de devanditos déficits deban introducirse no Contrato Programa e o alcance das mesmas.

VI. COMPROMISOS DAS PARTES

Por parte do Servizo Galego de Saúde

- A provisión dos recursos orzamentarios necesarios para a consecución dos obxectivos da Fundación, segundo o establecido no Contrato programa, e recollidos nas Leis de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para cada ano.
- Se concorren circunstancias que motivan que a FPUSG-061 non poida proporcionar algunhas das prestacións recollidas no contrato programa, o Servizo Galego de Saúde poderá facilitar os medios necesarios para a provisión de servizos e poderá axustar as prestacións económicas segundo o nivel de medios que tivera que aportar para esta situación excepcional.
- Prestar o apoio e as infraestruturas necesarias para a xestión ordinaria da Fundación.

Por parte da FPUSG-061

- Acadar o cumprimento de obxectivos de conformidade co establecido no contrato programa cos recursos asignados.
- Actuar como medio propio e servizo técnico da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e dos poderes adjudicadores dependentes dela, polo que está obrigada a realizar os traballos que aquela ou estes lle encomenden.

Asemade, a FPUSG-061 comprométese a ofrecer á cidadanía a resposta máis adecuada en cada momento á súa solicitude de consulta e asistencia sanitaria urxente extrahospitalaria na Comunidade Autónoma de Galicia, segundo criterios de:



- **Accesibilidade:** facilitando e garantindo en cada momento, a recepción, de todas as demandas, e a resposta ponderada en función dos recursos dispoñibles.
- **Equidade:** asignando a resposta atendendo a criterios de gravidade e de optimización de recursos.
- **Universalidade:** dando respostas, dentro da ampla e complexa xeografía galega, as necesidades de consulta, asistencia e transporte sanitario urxente en calquera localización.
- **Coordinación:** empregando para iso a coordinación entre todos os dispositivos existentes, así como medios propios ou contratados.
- **Continuidade:** O servizo realizarase de forma ininterrompida durante as 24 horas do día os 365 días do ano.

A FPUSG-061 garantirá igualdade de atención a todos os pacientes que estableza o Sergas como beneficiarios dos servizos, sen máis diferenzas que as inherentes á natureza propia dos distintos procesos patolóxicos e dos recursos dispoñibles en cada momento.

VII. CRITERIOS E MECANISMOS DE RESPONSABILIDADE DO PERSOAL DIRECTIVO

A FPUSG-061 adecuará a súa actuación ao presente contrato programa, de conformidade cos obxectivos e accións detalladas, durante o período que corresponde á vixencia do contrato.

O persoal directivo da FPUSG-061, o que se refire o artigo 16 dos seus estatutos estará suxeito a esixencias de responsabilidade por incumprimento dos obxectivos.

Para avaliar o súa efectividade, establécense unha serie de obxectivos estratéxicos e operativos cuxa consecución se cuantifican a través dun número finito de indicadores, de tal forma que se entenderá que a FPUSG-061 desenvolveu con éxito o contrato programa se, polo menos, cumpre o 60% dos seus obxectivos. Para considerar conseguido un obxectivo será necesario acadar o valor estándar, polo menos, no 50% dos indicadores asociados ao mesmo.

Para os efectos anteriores, non se terán en conta os indicadores asociados a obxectivos específicos ou actuacións que se cancelen ou non se leven a cabo por causas independentes da vontade e actividade desta Fundación.



En caso de incumprimento, o Padroado, a iniciativa propia, ou por proposta da Dirección, e logo de analizar o conxunto de indicadores que non acadaron o valor de responsabilidade antedito poderá apercibir formalmente aos directores correspondentes

En último termo, se durante tres exercicios consecutivos, se produce o apercibimento dalgún membro do equipo directivo, o Padroado poderá aprobar o seu cese, sen prexuízo da concorrencia doutras circunstancias que xustifiquen tal medida.

Por outro lado, no caso de que se acade ou supere o 80% dos indicadores relativos os obxectivos operativos asociados a cada área da FPUSG-061, de conformidade co previsto no presente contrato programa, as respectivas áreas poderán ser beneficiarias das medidas de recoñecemento que o Padroado estime axeitadas e de conformidade coa normativa vixente que resulte de aplicación.

VIII. PROCEDEMENTO PARA INTRODUCCIÓN DE MODIFICACIÓNS OU ADAPTACIÓNS

As modificacións ou axustes para corrixir eventuais desviacións entre o planificado e o executado, sempre que non afecten á estrutura do contrato programa, serán aprobadas polo Padroado, sen precisar a súa autorización polo Consello da Xunta de Galicia, incluíndose neste suposto as seguintes:

- 1.- Modificacións á baixa entre o importe orzamentado e o importe previsto a executar, por mor de atrasos na execución de contratos ou licitacións en execución, e que suporá unha minoracións nas achegas do SERGAS.
- 2.- Aumentos nas achegas do SERGAS derivadas de incrementos retributivos do persoal por mor da aprobación das leis de orzamentos xerais da Xunta.
- 3.- Aumentos nas achegas do SERGAS derivadas de novas licitacións que fosen autorizadas polo Consello da Xunta de Galicia.

A devandita modificación, unha vez aprobada polo Padroado, reflectirase nun documento que deberá ser asinado pola Xerencia do SERGAS e a Dirección da FPUSG-061, debendo ser remitido á Consellería de Facenda para a súa publicación no portal de transparencia da Xunta de Galicia.



Entenderase que as modificacións afectan á estrutura do Contrato programa nos seguintes casos:

- Os orzamentos da Xunta de Galicia non dotasen á FPUSG-061 do financiamento previsto neste contrato programa.
- A eliminación, modificación ou introdución de novos obxectivos estratéxicos e/ou específicos.
- A variación da contía dos valores dos indicadores en máis dun 40% do valor fixado (sexa un valor numérico ou temporal)

Nestes supostos procederá a aprobación por parte do Consello da Xunta dun novo contrato programa.

IX. COMISIÓN DE SEGUIMENTO E CONTROL

Créase unha comisión de seguimento e control da execución deste contrato - programa, que estará integrada por:

- Un representante da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos da Consellería de Facenda e Administración Pública: a persoa titular da Subdirección Xeral de Programación Financeira do Sector Público Autónomo e de Seguimento de Políticas de Gasto.
- Un representante da Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria do Servizo Galego de Saúde: a persoa titular da Subdirección Xeral de Xestión Asistencial e Innovación.
- Un representante da Dirección Xeral de Simplificación Administrativa da Conselleira de Facenda e Administración Pública.: un/ha Auditor/a Xestor/a do Desempeño e Calidade.
- Un representante da Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia -061: a persoa titular da Dirección de Xestión e Servizos Xerais.

En caso de ausencia dalgún membro da comisión, o órgano ao que representa poderá propoñer unha persoa que a substitúa.

A comisión poderá estar asistida polo persoal técnico especialista en materia sanitaria, económico-financeira, calidade e xestión pública que considere necesaria para desenvolver as súas funcións do xeito máis adecuado.

Exercerá a presidencia da comisión a persoa representante da consellería competente en materia de Facenda. As funcións de Secretaria da Comisión serán exercidas pola representante da FPUSG-061.



A comisión efectuará anualmente un informe de avaliación global do cumprimento do contrato programa, coa proposta de adaptación dos compromisos para o ano seguinte, se fose necesario. Para o cal a FPUSG-061 elevará á Comisión unha memoria anual na que se recollerán os datos da consecución dos indicadores de carácter mensual establecidos neste contrato programa.

Así mesmo, antes do final do período de vixencia do contrato programa a comisión elaborará un informe global sobre o seu grao de cumprimento, e propoñerá as modificacións e adaptacións necesarias para a súa revisión e renovación.

Para o correcto exercicio das súas funcións, a comisión de seguimento e control reunirse semestralmente agás que se formule un novo contrato programa ou unha modificación que afecta á estrutura do vixente, que a situación asistencial e/ou económica da Fundación ou xeral o aconsellen ou si un dos seus membros o solicita. A programación das reunións farase de forma que permita facer o seguimento do peche e o inicio do orzamento.

X- MARCO DE ACTUACIÓN EN MATERIA DE XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS

Para o desenvolvemento dos servizos, programas e obxectivos que se detallan neste contrato programa, a FPUSG-061 comprométese a achegar (durante a vixencia do mesmo), os recursos humanos e materiais necesarios, segundo o descrito no presente documento e no Plan de Urxencias de Galicia, e das modificacións que se decidan de común acordo entre as partes.

No cadro de persoal vixente aprobado pola Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde, e pola Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos da Consellería de Facenda e Administración Pública, estase a cumprir o plan de optimización de custes de persoal. O seu detalle é o seguinte:

RÉXIME	CÓDIGO	CATEGORÍA	POSTOS
ESTATUTARIO	D-A1-59	DIRECTOR/A 061	1
	D-A1-56	DIRECTOR/A ASISTENCIAL 061	1
	D-A1-57	DIRECTOR/A XESTION E SS.XX 061	1
	D-A1-58	DIRECTOR/A COORDINACIÓN 061	1
	DA-A2-28	SUBDIRECTOR/A PROCESOS ASISTENCIAIS ÁREA DE ENFERMARÍA	1
	N-A1-01	XEFE/A SERVIZO-SUBGRUPO A1	3
	N-A1-05	GRUPO TÉCNICO FUNCIÓN ADMINISTRATIVA	3
	N-A1-08	TÉCNICO SUPERIOR SISTEMAS TECNOLOXÍAS	4





	INFORMACIÓN		
N-A2-09	GRUPO XESTIÓN FUNCIÓN ADMINISTRATIVA	1	
N-C1-02	XEFE/A DE GRUPO-SUBGRUPO C1	2	
N-C1-05	GRUPO ADMINISTRATIVO FUNCIÓN ADMINISTRATIVA	8	
N-C1-12	TCO. ESPECIALISTA EN SISTEMAS E TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN	4	
N-C2-09	GRUPO AUXILIAR DA FUNCIÓN ADMINISTRATIVA EQUIPO MECANIZADO	13	
S-A2-50	ENFERMEIRO/A DE BASE SIMPLE 061	72	
S-A2-51	ENFERMEIRO/A DE BASE DOBRE 061	18	
S-A2-53	ENFERMEIRO/A DE CONSULTA SANITARIA 061	10	
SF-A1-04	XEFE/A SERVIZO CON COMPLEMENTO ESPECÍFICO	3	
SF-A1-30	XEFE/A DE BASE SIMPLE 061	10	
SF-A1-31	XEFE/A DE BASE DOBRE 061	2	
SF-A1-32	MÉDICO/A ASISTENCIAL DE BASE SIMPLE 061	50	
SF-A1-33	MÉDICO/A ASISTENCIAL DE BASE DOBRE 061	16	
SF-A1-34	XEFE/A DE SALA 061	11	
SF-A1-35	MEDICO/A COORDINADOR 061	34	
LABORAL	G-3-09	TÉCNICO DE XESTIÓN	2
	G-7-08	OFICIAL ADMINISTRATIVO RESPONSABLE ÁREA	1
	G-7-09	OFICIAL ADMINISTRATIVO RESPONSABLE FACTURACIÓN	1
TOTAL		273	

XI.- RECURSOS DA FUNDACIÓN PÚBLICA URXENCIAS SANITARIAS DE GALICIA 061

A FPUSG-061 xestiona os seguintes recursos, as 24 horas ao día, os 365 días do ano dando cobertura a toda a comunidade Galega:

A.- Central de Coordinación Urxencias Sanitarias de Galicia-061.

A FPUSG-061 conta cunha Central de Coordinación, a cal constitúe o eixo básico de articulación do sistema de intervención en casos de urxencia e emerxencia médica. É aquí onde se reciben as chamadas, analízase a información obtida e, se a urxencia o require, é de aquí de onde parten as ordes para a mobilización dos recursos móbiles propios ou alleos.

✓ Recursos humanos

Na CCUSG-061 traballan de maneira coordinada e sincrónica dous grupos funcionais.



- O equipo de regulación, asesoría e consulta sanitaria formado por médicos coordinadores, enfermeiros de consulta e formadores, todos eles persoal da FPUSG-061. Toda a actividade que se desenvolve está supervisada polo médico coordinador que en cada quenda de traballo exerce función de xefe de garda.
- O equipo que desenvolve a actividade de recepción e operación telefónica (teleoperadores e locutores) segundo o contrato do servizo de operación telefónica, na data actual é de 23 de maio de 2023, con vixencia desde o 1 de xuño de 2023 ata o 31 de maio de 2026, expediente nº AB-FUS1-22-003.

✓ **Recursos técnicos:**

A CCUSG-061 dispón dunha rede de postos informáticos que teñen instalada como aplicación informática principal o aplicativo ACORDE (Aplicación para a Coordinación De Emerxencias). Dita aplicación é de deseño e desenvolvemento propio e permite a xestión a nivel informático de toda a actividade xerada na CCUSG-061 dende a entrada da chamada ata a finalización do proceso asistencial. Dispón de módulos para cada tipo de usuario (médico, enfermeiro, teleoperador, locutor) facilitando a cada un o seu labor (clasificación automática da demanda, seguimento a tempo real dos servizos, apartados para codificación de datos clínicos, etc.).

Ademais, todas as ambulancias da rede de transporte sanitario urxente de Galicia (RTSUG-061) levan instalados sistemas de localización GPS, o que permite o control instantáneo de flota dende a CCUSG-061. O sistema GPS leva integrado un módulo de comunicación vía GPRS que permite comunicacións mediante mensaxeira instantánea (posicións / estados dos recursos, direccións dos incidentes...) sen necesidade de establecer comunicación de voz (por teléfono ou radio).

B.- Rede de Transporte Sanitario Urxente de Galicia -061 .

A FPUSG-061 xestiona un conxunto de recursos asistenciais de soporte vital básico e de soporte vital avanzado que constitúen a RTSUG-061. Unha rede de vehículos de urxencia (integral, permanente, e coordinada dende a CCUSG-061) deseñada para atender ás diversas necesidades de asistencia e transporte sanitario urxentes.

No relativo aos recursos, a Fundación conta con:





- **2 helicópteros sanitarios** nas cidades de Santiago e Ourense, dotados de persoal facultativo e de enfermería, e co equipamento necesario para a realización de soporte vital avanzado.

O actual contrato deste servizo está prorrogado (AB-FUS1-17-019) e está en tramitación un novo expediente de contratación (AB-FUS1-23-009)

- **16 ambulancias de soporte vital avanzado (AA-SVA)**, todas eles co material necesario para prestar soporte vital avanzado, co seguinte detalle:

- 12 AA-SVA, dotadas con persoal técnico en emerxencias sanitarias, persoal médico e de enfermería.

- 4 AA-SVA, dotadas con persoal técnico en emerxencias sanitarias e persoal de enfermería

- **107 ambulancias asistencias de soporte vital básico (AA-SVB)**, dotadas con persoal técnico en emerxencias sanitarias, e o equipamento necesario para prestar soporte vital básico

- **2 ambulancias convencionais (AC)**, localizadas en O Folgado do Caurel e Pedrafita do Cebreiro, dotadas de desfibrilador semiautomático (DESA) e material de inmovilización.

A prestación do servizo de transporte sanitario urxente terrestre desenvólvese nas seguintes áreas de transporte sanitario urxente, segundo o previsto na actual licitacións (expedientes AB-FUS1-19-001 e AB-FUS1-21-006). Actualmente, os contratos (lotes) encóntranse prorrogadas.

Área de A Coruña
Área de Baixo Miño
Área de Barbanza Muros
Área de Bergantiños/Costa da Morte
Área de Caldelas -Limia
Área de Ferrol
Área de Lugo
Área da Mariña Lucense
Área de Ourense





Área de Pontevedra
Área de Salnés
Área de Santiago
Área de Valdeorras/Verín/Lemos
Área de Vigo

C. Centro de Formación en medicina de urxencias, emerxencias e catástrofes:

Estruturado de forma descentralizada por toda Galicia, a través da comisión de docencia, cunha referencia nas oficinas centrais no CAIE (Centro de Atención Integral ás emerxencias) situado en A Estrada, onde se atopa a secretaría técnica e a xefatura do servizo

Para impartir as actividades formativas conta con profesionais propios e coa colaboración doutros de recoñecido prestixio.



ANEXO I.-CARTEIRA DE SERVIZOS DA FUNDACIÓN PÚBLICA URXENCIAS SANITARIAS DE GALICIA 061.

- Servizos de atención telefónica de demandas de asistencia sanitaria ante problemas médicos urxentes
 - Atención e clasificación da chamada das persoas usuarias, asignando a resposta máis adecuada, polo persoal da CCUSG-061.
 - Atención e asesoría sanitaria mediante a consulta telefónica por persoal sanitario especializado dende a CCUSG-061.
- Servizos de asistencia e transporte sanitario mediante dispositivos da Rede de Transporte Sanitario Urxente de Galicia (RTSUG-061):
 - Prestar atención sanitaria presencial inicial, e efectuar transporte sanitario en casos de urxencia ou emerxencia con ambulancias asistenciais de soporte vital básico da RTSUG-061.
 - Prestar asistencia sanitaria presencial, soporte vital avanzado e transporte sanitario, terrestre e/ou aéreo, en casos de urxencia ou emerxencia con ambulancias asistenciais de soporte vital avanzado e/ou helicópteros medicalizados da RTSUG-061.
 - Prestación de atención asistencial relacionada con programas específicos ou especiais de actuación sobre patoloxías sanitarias concretas.
- Servizos de xestión, coordinación e asistencia sanitaria en incidentes de múltiples vítimas, catástrofes e eventos de concorrencia pública:
 - Xestión, coordinación e asistencia sanitaria en incidentes de múltiples vítimas e catástrofes.
 - Xestión integral de dispositivos de risco previsible.
- Servizo de vixilancia epidemiolóxica, prevención da saúde pública e información sanitaria:
 - Servizo de información e divulgación á poboación en relación con situacións de crises de saúde pública.
 - Atención de consultas sanitarias en liña a través da páxina web da FPUSG-061.
- Servizos orientados aos profesionais sanitarios:





- Asesoría en materia de urxencias e emerxencias aos profesionais sanitarios.
- Formación e investigación en materia de coordinación, regulación médica e asistencia sanitaria urxente.





ANEXO II.-PROCESOS CLAVE E PROGRAMAS ASISTENCIAIS DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE URXENCIAS SANITARIAS DE GALICIA

A. PROCESOS CLAVE:

A.1.- Xestión da chamada:

O proceso iniciase na Central de Coordinación del 061 de Galicia coa recepción da chamada, con atención automática aos 3 segundos, a clasificación e a análise da demanda polo teleoperador que traspasa a chamada a un médico ou enfermeiro de coordinación. Tras un completo interrogatorio clínico chegarán a unha conclusión, decisión que transmitirán xunto cos consellos sanitarios necesarios orientando cara a resolución do problema.

A resposta pode finalizar aquí ou ben ser derivado a un centro sanitario, a necesidade de dunha visita médica no domicilio ou asignar un recurso móbil para atender ao paciente in situ ou ben ser trasladado a un centro sanitario.

A.2. Asistencia e transporte sanitario urxente.

Os recursos asistenciais da FPUSG-061 incluídos na RTSUG-061 prestan asistencia sanitaria urxente, soporte vital avanzado (AA-SVA e helicópteros medicalizados), soporte vital básico (AA-SVB), e transportan ao centro sanitario adecuado se é necesario, nas situacións nas que o medico coordinador determina a necesidade de intervención dun recurso móbil

A.3. Dispositivos Sanitarios de Risco Previsible (DSRP)

A FPUSG-061 xestiona de maneira integral dispositivos asistenciais preventivos. Partindo dunha avaliación inicial de riscos e potenciais necesidades, deséñanse e desenvólvense operativos orientados a controlar situacións que poida supoñer un risco para a saúde individual ou colectiva.

A.4. Formación, Investigación e Desenvolvemento

A FPUSG-061 a través da xestión do Centro de Formación en Medicina de Urgencias, Emerxencias e Catástrofes de Galicia, desenvolve un proceso continuo de detección de necesidades, programación e desenvolvemento de actividades formativas tanto internas, dirixidas a todo o persoal sanitario da Fundación, como externas, de forma que sexan instrumento de xestión e contribúan á mellora da cualificación e capacitación profesional das persoas ás que van dirixidas.



B. PROGRAMAS ASISTENCIAIS

B.1. Programa galego de atención ao infarto agudo de miocardio: PROGALIAM:

Programa promovido pola FPUSG-061, coa misión de mellorar a atención ao síndrome coronario agudo na comunidade galega.

O programa basease na integración operativa e óptima coordinación entre os distintos niveis asistenciais e servizos implicados na detección, estabilización, estratificación, e tratamento definitivo en casos de infarto agudo de miocardio na Comunidade Galega.

A través de este sistema organizado e coordinado desde a FPUSG-061, calquera paciente que sofre un evento coronario destas características a calquera hora e en calquera lugar de Galicia, é susceptible de recibir a mellor asistencia posible segundo a súa localización.

A FPUSG-061 garante a accesibilidade dos usuarios a este programa, facilita a identificación de casos susceptibles, activa o sistema en caso necesario, decide a necesidade de reperfusión e, traslada os pacientes ao centro útil (hospitais con servizo de hemodinámica, se é necesario) garantindo, se fose necesario, o retorno dos pacientes a súa área sanitaria despois do tratamento.

A FPUSG-061 forma parte coma membro activo da comisión de control e seguimento do Rexistro Galego do Infarto Agudo de Miocardio (REGALIAM), órgano responsable de realizar o seguimento da actividade do mesmo.

B.2. Programa ACOUGO:

Este programa basease na coordinación de recursos entre os distintos niveis asistenciais, e de ser preciso, outras institucións (Protección Civil, Corpos e Forzas de Seguridade do Estado, Administración de Xustiza) en situacións nas que os pacientes sofren unha descompensación dunha patoloxía psiquiátrica crónica ou o debut dun cadro agudo.

O programa facilita o acceso inmediato das persoas afectadas, ou dos seus familiares, a través da vía telefónica. Conta cun protocolo específico de intervención dirixido aos pacientes.

Asegúrase o traslado de pacientes en condicións de seguridade, rapidez e dignidade e garante a información, o asesoramento e a orientación dos pacientes, familiares e cidadáns.



B.3. Alerta escolar:

Alerta Escolar é un conxunto organizado de accións administrativas, informativas e operativas que pretende achegar unha atención sanitaria inmediata e eficaz a todos os nenos escolarizados de entre 0-16 anos, que padecen patoloxías crónicas susceptibles de descompensación con compromiso vital.

Coordina o profesorado (facendo que sexa capaz de recoñecer a emerxencia médica provocada por un cadro agudo das patoloxías descritas, e de prestar unha primeira atención mentres chegan os recursos adecuados), e a CCUSG-061.

Tras recibir unha alerta, o recoñecemento do paciente inscrito nunha base de datos e o acceso inmediato ao seu historial clínico, posibilita acadar un alto nivel de eficacia e unha racional utilización dos recursos dispoñibles para a atención da emerxencia. Á vez, o profesor responsable designado en cada caso é dirixido por un profesional de medicina desde a CCUSG-061 na asistencia do neno afectado, podendo, se é preciso, administrarlle, de maneira precoz, unha medicación pautada de antemán, que é conservada e custodiada no centro escolar.

B.4. Hospitalización a Domicilio (HADO):

Programa de colaboración entre as unidades HADO dos distintos centros asistenciais do Servizo Galego de Saúde e a FPUSG-061.

O obxectivo é garantir a continuidade asistencial para estes pacientes durante as 24 horas do día, os 365 días do ano.

Na CCUSG-061 dispónse dun listado actualizado dos pacientes ingresados en cada unidade. Desta forma podemos aconsellar ou asistir mellor a estes enfermos, ao coñecer a súa patoloxía.

Para iso, a FPUSG-061 poderá mobilizar recursos propios ou os de Atención Primaria.

B.5. Coordinación e asistencia extrahospitalaria de pacientes con Ictus (dentro do Plan de asistencia ao Ictus en Galicia)

O programa ten como finalidade prestar, a nivel da Comunidade Autónoma de Galicia, un servizo de atención coordinada e de calidade ao ictus, desenvolvendo un sistema que permite a rápida identificación, notificación e traslado de calquera paciente cun ictus agudo ao hospital de referencia máis próximo e que estea preparado para valorar e realizar o procedemento terapéutico adecuado ás necesidades asistenciais dese paciente.



B.6. Coordinación e asistencia extrahospitalaria a pacientes con Sepse (dentro do Plan de Atención á Sepse).

O programa ten coma finalidade a detección precoz e inicio de tratamento desta patoloxía tempo-dependente dende o propio lugar onde é requirida a asistencia. A coordinación entre os dous niveles asistenciais (FPUSG-061- hospital) fai posible unha mellora dos tempos de atención ao paciente que repercute finalmente nun aumento da supervivencia.

B.7. Programa de Desfibrilación Externa Semiautomática (DESA)

Este programa ten por obxecto facilitar a desfibrilación precoz nos casos de parada cardíaca, mediante a difusión da formación en soporte vital básico á poboación en xeral e a regulación do uso de desfibriladores por persoal non sanitario.

A FPUSG-061 xestiona e supervisa as altas dos aparellos conforme á lexislación actual; sendo á vez a unidade de referencia para os novos propietarios dos DESA. Estes desfibriladores están xeolocalizados sendo visible esta información dende a central de coordinación. A xeolocalización facilita que a FPUSG 061 poida realizar unha indicación de uso dos mesmos e guiar a reanimación cardiopulmonar mentres non chegan os recursos asistenciais propios.

Así mesmo, dende o ano 2000 todas as ambulancias de soporte vital básico (AA-SVB) contan con DESA para poder ser manexados polos técnicos de emerxencias sanitarias.

B.8.- Programa alerta pediátrica:

Programa en colaboración co servizo de UCI pediátrica de CHUS, e co obxectivo de dar consello médico telefónico e prestar asistencia aos doentes en idade pediátrica que previamente estiveron ingresados na UCI e que precisan apoio tecnolóxico domiciliario como parte do seu tratamento ambulatorio e contando coa posibilidade de comunicación directa da UCI pediátrica do CHUS.

B.9. Plan de prevención do suicidio en Galicia:

Plan cuxo obxectivo é diminuír a incidencia e prevalencia da conduta suicida. Aumentando a coordinación entre as institucións e axentes implicados na prevención da conduta suicida. O plan pretende facer máis accesibles os servizos públicos das persoas con risco suicida e os seus achegados a través da liña 061 orientada a unha avaliación do risco suicida (SAD PERSON) adecuado ás necesidades terapéuticas do paciente.





B.10. Programa código anafilaxia:

Plan que ten como obxectivo principal identificar precozmente o paciente cun cadro de anafilaxia en todos os ámbitos asistenciais mediante unha actuación coordinada multidisciplinar e garantir a implantación de forma inmediata de todas as medidas que demostraron a diminución da mortalidade por anafilaxia con administración de adrenalina, co fin de mellorar a supervivencia e reducir as complicacións.

B.11. Programa toxicolóxico

Programa desenvolvido polo 061, en colaboración co Servizo de Toxicoloxía Forense da Facultade de Medicina da USC que permite dispoñer de información actualizada na CCUSG-061, relativa as intoxicacións de máis alta incidencia, dispoñendo de primeiras medidas a adoptar e consellos sanitarios.

B.12. Programa alerta hipoglucemia por glucoxenose:

Rexistro dos pacientes con diagnóstico de glucoxenose e creación dunha alerta na CCGUS-061, que permite axilizar a atención sanitaria en caso de descompensación e xera unha diminución da morbilidade asociada.

